

I.- A ECONOMÍA GALEGA. O SEU CONTORNO.

1.- O CONTORNO INTERNACIONAL.

En principio, o maior desafío para a economía mundial en 2006 será absorber a espectacular subida dos prezos do petróleo sen que se rexistren graves tensións. As actuais estimacións para o segundo trimestre do ano en curso mostran unha suave ralentización do crecemento que, en gran parte, está provocada polos efectos do citado incremento dos custes enerxéticos; contención que, loxicamente, non se reparte de forma homoxénea entre as diferentes rexións do planeta.

En Estados Unidos, a taxa interanual de crecemento do PIB no segundo trimestre de 2005 situouse nun 3,6%, a mesma que a do primeiro trimestre. Este mantemento do ritmo de crecemento basicamente se explica pola fortaleza e o empuxe do consumo privado. Malia que neste trimestre o dato máis destacable sexa a contribución positiva do sector exterior, como consecuencia da notable alza experimentada polas exportacións de bens e servizos, combinada cun descenso do ritmo de crecemento das importacións. Sen embargo, o investimento presentou unha expansión moito máis contida que no trimestre anterior, fundamentalmente motivada polo débil incremento do compoñente de infraestruturas. Os últimos rexistros da inflación (4,1%) ao remate do III T do 2005 non presaxian un bo comportamento dos prezos neste ano 2005, o que unido a un bo comportamento na expansión do PIB, permite a Reserva Federal continuar cunha gradual subida dos tipos de xuro e, con ela, unha apreciación do dólar nos mercados cambiarios.

En síntese o vindeiro ano as bases do crecemento do PIB nos EEUU continuarán sendo a demanda interna, na que o consumo das familias mantén a súa fortaleza, e o aumento na produtividade. Como desafíos corrixir os fortes desequilibrios da balanza comercial e orzamentario. O FMI nas previsións de outono rebaixa ata o 3,3% a súa taxa de crecemento, dúas décimas por debaixo do 3,5% previsto para este ano 2005.

A irrupción de China na escena económica internacional segue tendo efectos espectaculares. Ó igual que en Estados Unidos, a taxa de crecemento do PIB no segundo trimestre de 2005 coincide practicamente coa rexistrada no primeiro, se ben se eleva a un montante moi superior (9,5%). Crecemento onde as principais forzas impulsoras son as exportacións e o investimento en activos fixos. O abandono da vinculación do yuan co dólar a finais de xullo supón o inicio dunha etapa de progresiva liberalización que, previsiblemente, conducirá a taxas de crecemento máis moderadas nun próximo futuro a causa da apreciación da divisa china e o subseguinte descenso do ritmo expansivo das exportacións. As previsións do FMI xa rebaixan a taxa de crecemento ata o 8,2% para 2006, oito décimas por debaixo do 9,0% rexistro que se agarda para este ano 2005.

Xapón presenta algúns febles síntomas de mellora. A modesta taxa interanual de crecemento do PIB (1,5%) neste segundo trimestre de 2005 é, sen embargo, superior á do primeiro. Aínda que a situación deflacionaría siga persistindo en diferentes fronteas, non deixa de ser significativo que a achega do sector exterior ó crecemento fora negativa o que, lóxicamente, implica unha certa recuperación da demanda interna. Ademais, a taxa de paro en xuño situouse nun 4,2%, o nivel máis baixo desde mediados de 1998. As previsións do FMI contemplan pechar o ano 2006 cunha taxa de crecemento do PIB do 2,0%, a mesma coa que agardan pechar este ano 2005.

Na zona euro, a taxa interanual de crecemento do PIB foi dun 1,1%, dúas décimas por debaixo da do primeiro trimestre de 2005. Mediocre comportamento que, en gran parte, se debe á situación que atravesan as principais economías do continente Francia e Alemania. A depreciación do euro fronte ó dólar permite albergar certa esperanza para superar o sombrío panorama actual, tal como parecen mostrar os indicadores de confianza empresarial en Alemania e Italia, así como o avance da produción industrial e das exportacións en Francia. Por outro lado, a taxa de crecemento do Reino Unido caeu a un 1,8%, signo claro

de desaceleración, que se ve confirmada polo enfriamento do mercado inmobiliario e a evolución seguida polos principais indicadores laborais.

CADRO 1.- PREVISIÓNS MACROECONÓMICAS. FMI

Previsións macroeconómicas. FMI. Setembro 2005. Taxas de variación anual en %

	2004	2005	2006
Unión Europea	2,5	1,6	2,1
Area euro	2,0	1,2	1,8
Francia	2,0	1,5	1,8
Alemania	1,6	0,8	1,2
Italia	1,2	0,0	1,4
Portugal	1,0	0,5	1,2
España	3,1	3,2	3,0
Reino Unido	3,2	1,9	2,2
Estados Unidos	4,2	3,5	3,3
Xapón	2,7	2,0	2,0
Canada	2,9	2,9	3,2
China	9,5	9,0	8,2
India	7,3	7,1	6,3

FONTE: Fondo Monetario Internacional

As previsións macroeconómicas do FMI —realizadas en setembro pasado — configuran para 2006 un escenario caracterizado (cadro 1) por unha pequena redución do intenso crecemento das principais economías asiáticas, a excepción de Xapón que mantería o mesmo incremento do PIB (2,0%) que en 2005. Estados Unidos vería mermada a súa taxa en dúas décimas respecto á que previsiblemente alcanzaría no presente exercicio, A zona euro elevaría a súa taxa en seis décimas, situándose nun 1,8% en 2006, repartíndose de xeito moi desigual entre

os socios, posto que a taxa prevista para Irlanda multiplicaría por catro a de Portugal. As tres grandes economías nacionais da UEM se integran dentro dos países con menor crecemento en 2006: Alemania (1,2%), Italia (1,4%) e Francia (1,8%). Mentres que o Reino Unido rexistraría un pequeno repunte de tal forma que a actividade aumentaría un 2,2%.

Pese á súa importancia como mercados de destino das nosas exportacións de bens e servizos, España crecerá (3,0%), segundo o FMI, claramente por arriba das tres economías mencionadas e, por tanto, da zona euro.


2.- A ECONOMÍA ESPAÑOLA: EVOLUCIÓN E PERSPECTIVAS DE FUTURO.

Os trazos característicos do pulso da economía española durante o 2º trimestre de 2005 foron tres:

- Unha suave aceleración do ritmo de crecemento económico;
- A fortaleza do proceso de creación de emprego;
- Mantemento das tensións inflacionistas.

En efecto, en contraste coa situación dos nosos principais socios, a economía española mantén neste IIT 2005 unha taxa interanual do 3,4%, unha décima por arriba do rexistro correspondente ó primeiro trimestre. O comportamento expansivo dos compoñentes da demanda interna constitúe o principal elemento explicativo de tal resultado; dinamismo que obedece, basicamente, á evolución seguida pola formación bruta de capital fixo, cunha firmeza que chegou a compensar a ralentización experimentada polo consumo privado no 2º trimestre. Dentro do investimento, destaca o vigoroso impulso dos bens de equipo, tanto en maquinaria —cunha taxa interanual do 11,8%— como en material de transporte (8,1%); sen esquecer a construción de vivendas, cun incremento que polo de agora segue sendo moi importante (6,0%), máis lonxe xa dos ritmos de crecemento dos anos precedentes (gráfico 1). En calquera caso, convén subliñar a relevancia de que, nun contexto europeo caracterizado por unha conxuntura recesiva, o investimento empresarial en bens de equipo aumente en España a un ritmo típico dunha fase alcista do ciclo.

**GRÁFICO 1.- CONTABILIDADE TRIMESTRAL DE ESPAÑA.
TAXAS INTERANUAIS DE CRECIMENTO DO PIB E DA
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (%).**




Outro feito particularmente positivo foi a converxencia que se produciu desde o 3^{er}. trimestre de 2004 das taxas de crecemento do consumo público cas do consumo dos fogares, de tal modo que, no 2^o trimestre de 2005, son practicamente coincidentes (gráfico 2). En efecto, aínda que para unha fase expansiva o incremento do consumo final das AA.PP. por arriba do rexistrado polo PIB contribúa a un maior desbordamento da demanda interna, non é menos certo que na actualidade se está notando o esforzo das AAPP por manter os compromisos que se derivan do pacto pola estabilidade orzamentaria.

Como a demanda interna rexistrou un incremento notablemente superior ó do PIB —o que se pode apreciar nitidamente mediante os gráficos 1 e 2—, a contribución do sector exterior ó crecemento do mesmo foi negativa, situándose na cifra de -2,6 puntos porcentuais. O déficit comercial segue aumentando a forte ritmo, de tal xeito que o poder compensador do superávit da balanza de servizos é cada vez menor.

O deterioro da competitividade da economía española queda ilustrado no feito de que, no 2º trimestre de 2005, a taxa interanual de crecemento das exportacións de bens e servizos se limitou a un 1,9%, mentres que a do mesmo capítulo de importacións se elevou a un 5,6%. Unha certa mellora do comportamento das exportacións, que no primeiro trimestre caeran nun 1,9%, sen dúbida un feble síntoma da recuperación das exportacións.

**GRÁFICO 2.- CONTABILIDADE TRIMESTRAL DE ESPAÑA.
TAXAS INTERANUAIS DE CRECEMENTO DO PIB E
DO GASTO EN CONSUMO FINAL (%).**



Dende a perspectiva da oferta é dicir do tecido produtivo (cadro 2), as ramas máis dinámicas no citado 2º trimestre de 2005, foron a construción, servizos de mercado e enerxía, que son os tres grupos de actividade que experimentan un crecemento superior ó do PIB. Os servizos de non mercado presentan unha taxa lixeiramente inferior, mentres que os sectores máis expostos á competencia exterior —

agricultura e industria— rexistran un comportamento recesivo no caso da primeira actividade e de práctico estancamento no da segunda.

En canto ó comportamento das ramas ao longo dos últimos trimestres cabe sinalar, en primeiro lugar, que os servizos de mercado sempre creceron máis que o conxunto da economía española, ocorrendo practicamente o mesmo con servizos de non mercado, posto que só no último trimestre dispoñible se da unha excepción, como consecuencia da mencionada ralentización do consumo final das AA.PP. O grupo de actividade formado por agricultura e pesca instalouse nunha situación recesiva e, en menor medida, a industria, sector que, dende o 2º trimestre de 2003 arroxa taxas interanuais incapaces de superar a barreira do 1%. Por último, o sector enerxético intensificou notablemente a súa actividade nos dous únicos trimestres dispoñibles de 2005 respecto ao sucedido ao largo de 2004.

En sínteses, trátase duns bos resultados, comparados cos das grandes economías nacionais da UE, o que, como ocorre sempre en economía, non significa que non haxa zonas de sombra. Así, no debe do balance hai que sinalar, de novo, unha competitividade exterior erosionada tanto pola fortaleza do euro como polo diferencial de inflación, desequilibrio que deixa sentir as súas pegadas no crecente déficit exterior.

**CADRO 2.- CONTABILIDADE TRIMESTRAL DE ESPAÑA.
PIB E OS SEUS COMPOÑENTES POLO LADO DA OFERTA.
TAXAS DE VARIACIÓN INTERANUAL (%).**

Produto Interior Bruto. Volumen encadeado referencia 2000


Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2004	2004		2005	
		Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	4,8	5,2	5,2	5,0	4,7
-Gasto en consumo final dos fogares	4,4	4,7	4,8	4,8	4,8
-Gasto en consumo final das AAPP	6,0	6,7	6,4	5,5	4,6
-Gasto en consumo final das ISFLSF	5,0	5,1	7,1	5,0	4,5
Formación bruta de capital fixo	4,9	5,2	6,1	7,0	7,5
Exportacións de bens e servizos	3,3	3,7	2,3	-1,9	1,9
Importacións de bens e servizos	9,3	10,4	10,2	5,6	8,0
Achega do sector exterior	-2,0	-2,4	-2,7	-2,7	-2,6
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,1	3,2	3,3	3,4
Agricultura e pesca	-1,1	-1,8	-2,3	-1,7	-1,0
Enerxía	2,0	1,8	1,8	3,4	3,6
Industria	0,3	0,4	0,3	0,7	0,5
Construción	5,1	4,9	4,8	5,6	5,7
Servizos	3,6	3,5	4,4	4,0	4,0
- Servizos de mercado	3,6	3,5	4,1	4,0	4,3
- Servizos non de mercado	3,6	3,5	4,3	4,0	3,2
Impostos netos sobre os produtos	4,1	5,3	2,6	2,3	2,4

Fonte: INE. Contabilidade trimestral nacional

O aumento interanual do IPC en setembro de 2005 elevouse a un 3,7%, seis décimas por arriba do 3,1% correspondente aos meses de maio e xuño. Notable reponte que os analistas atribúen ao alza dos prezos do petróleo, algo amortiguada pola fortaleza do euro fronte ao dólar. Contemplando a senda interanual do IPC, pódese apreciar como é o shock quen abortou o proceso de desinflación xa en curso. Entre xaneiro e agosto de 2005, o Índice de servizos e bens elaborados non enerxéticos —equivalente á inflación subxacente— creceu un 1,7%, un punto porcentual por debaixo do Índice xeral mentres que o compoñente enerxético dos prezos ó consumo se incrementou un 13,6%.

GRÁFICO 3.- CRECEMENTO INTERANUAL DOS PREZOS
Ó CONSUMO EN ESPAÑA E A ZONA EURO



Ademais, o diferencial co conxunto da UEM sitúase persistentemente en torno a un punto porcentual, (gráfico 3), o que supón a medio prazo unha nova merma da competitividade exterior.

Pese a que, en parte, o diferencial de inflación pode ser explicado polo contraste existente entre o dinamismo da economía española e o estancamento de Alemania, Francia e Italia, non deben perderse de vista os nocivos efectos que tería unha progresiva subida dos tipos de xuro sobre o proceso de crecemento que, como o español, se explica en gran medida polo baixo nivel dos mesmos nos últimos anos.

Sen dúbida, a partida máis importante do haber do balance ata xuño de 2005 é a creación de emprego. O nivel de ocupación ao rematar o segundo trimestre de 2005, situouse nos 17,9 millóns de persoas, cifra que ninguén se atrevería a predicir hai uns cantos anos. O incremento interanual elevouse a algo máis de medio millón de empregos, equivalente a unha taxa do 3,2%. É dicir, a poboación ocupada

aumentou practicamente ó mesmo ritmo que a actividade, razón pola cal a produtividade do traballo permaneceu estancada.

En tres ramas —agricultura e pesca, industria e enerxía— o emprego apenas variou ao longo do período comprendido entre os dous segundos trimestres de 2004 e 2005, rexistrándose incluso un pequeno descenso na terceira das actividades mencionadas. A construción achegou o 35% dos postos de traballo creados, situándose a cota dos servizos de mercado nun 42% e a dos de non mercado nun 20%.

Polo que respecta ás previsións de crecemento para 2005 e 2006, o Ministerio de Economía considera que en ambos anos o PIB crecerá a unha taxa do 3,3% (cadro 3). O notable desaxuste que se veu dando entre o progreso da demanda interna e o da produción interior é corrixido pola previsión, reducíndose a 0,9 puntos en 2006. Por conseguinte, a brecha exterior seguirá abríndose, como consecuencia de que as exportacións crecerán sensiblemente menos que as importacións de bens e servizos, o que se traducirá no feito de que o sector exterior restará 1,1 puntos porcentuais ó crecemento do PIB.

CADRO 3. PREVISIÓNS MACROECONÓMICAS DE ESPAÑA. TAXAS ANUAIS EN %

	2004	2005	2006
<i>PIB por compoñentas da demanda</i>			
Gasto en consumo final nacional.	4,8	4,1	3,9
Gasto en consumo final nacional de fogares (1)	4,4	3,7	3,6
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	6,0	5,3	4,6
Formación bruta de capital	4,8	6,7	5,0
Formación bruta de capital fixo	4,9	6,8	5,1
Bens de equipos e outros produtos	4,0	8,2	7,0
Construción	5,5	5,7	3,8
Demanda interna	4,8	4,8	4,2
Exportacións de bens e servizos	3,3	1,2	3,2
Importacións de bens e servizos	9,3	6,6	6,2
Achega exterior	-1,8	-1,7	-1,1
Produto interior bruto	3,1	3,3	3,3
Emprego (2)	2,6	2,7	2,6

(1) Inclúe ás ISFLSF (2) Postos de traballo equivalentes a tempo completo

FONTE: Ministerio de Economía

Previsiblemente o gasto en consumo final seguirá avanzando cunha lixeira tendencia á desaceleración respecto a 2005, na que se encadran tanto o compoñente público como o privado. Tódolos indicadores dispoñibles atribúen o maior dinamismo dentro da demanda interna á formación bruta de capital (FBCF), particularmente a rúbrica de bens de equipo, o que constitúe un feito especialmente positivo. Positivo pola súa forza de arrastre sobre o PIB en 2006; e positivo tamén polo que supón en termos de ampliación da nosa capacidade produtiva. Segundo as previsións gobernamentais, o esforzo inversor atribuíble á construción rexistrará unha clara ralentización, asignándolle unha taxa de crecemento moi similar á do consumo final.

Por último, a creación de emprego está lonxe de esgotarse posto que o Ministerio de Economía prevé un incremento dun 2,6% na ocupación. Por conseguinte, a produtividade do traballo crecería en torno a un 0,7%; exigua cifra que constitúe o tributo que hai que pagar polo excelente resultado previsto no que atinxe ó emprego.

3.- A ECONOMÍA GALEGA: EVOLUCIÓN E PREVISIÓNS MACROECONÓMICAS.

No segundo trimestre de 2005, a taxa interanual do PIB galego situouse nun 3,1% (cadro 4), cun perceptible repunte respecto ao acontecido no trimestre anterior. Estes bos resultados inda non son satisfactorios, pois non satisfacen o obxectivo de crecer por arriba da economía española (3,4%).

CADRO 4.- PRODUTO INTERIOR BRUTO

Produto Interior Bruto. Prezos constantes de 2000

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

Operacións	2004	2004		2005	
		Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	3,2	3,3	2,7	2,9	3,2
-Gasto en consumo final dos fogares	3,2	3,1	2,8	3,2	3,3
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,5	4,2	2,4	1,8	3,0
Formación bruta de capital	4,2	5,9	4,6	6,0	6,5
Demanda interna	3,5	4,1	3,3	3,8	4,2
Exportacións de bens e servizos	6,7	7,8	5,8	3,8	4,5
Importacións de bens e servizos	6,7	8,2	5,9	5,3	5,8
Achega do sector exterior	-0,9	-0,7	-0,8	-1,6	-1,6
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,3	2,9	2,7	3,1
Agricultura e pesca	2,3	0,5	9,6	0,3	3,8
Enerxía	0,7	0,4	-1,3	-1,5	-1,2
Industria	2,1	3,9	-0,8	1,4	0,1
Construción	4,0	4,8	4,4	4,3	3,7
Servizos	3,3	3,4	3,1	3,2	3,6
- Servizos de mercado	3,2	3,2	3,2	3,4	3,6
- Servizos non de mercado	3,6	3,9	2,9	2,7	3,8
Impostos netos sobre os produtos	3,6	2,5	4,6	2,9	5,4

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Datos provisionais

As causas deste diferencial de crecemento hai que atopalas na menor fortaleza da demanda interior en Galicia respecto ao conxunto de España. Polo que respecta ó consumo final, a taxa interanual é moi semellante á da produción interior, situándose —levemente nos dous casos— o privado por arriba e o público por debaixo. Outro indicador — o Índice de vendas do comercio polo miúdo— confirma esa recuperación do consumo privado galego ó presentar crecementos lixeiramente superiores ó 6% nos meses de maio e xuño de 2005.

Outro feito particularmente positivo é a clara reactivación do esforzo inversor en 2005, o que a converte no compoñente máis dinámico polo lado da demanda. Debe, por exemplo, subliñarse o feito de que as importacións de bens de equipo aumentaron de xeito espectacular e, aínda que en moita menor medida, o mesmo calificativo cabe aplicar ó alza do importe da licitación de obra pública.

Non obstante, o conxunto da demanda interna galega —e cada un dos seus principais compoñentes— ven aumentando a un ritmo inferior á media española. Este trazo explicaría entre outros, porqué na nosa economía o desaxuste entre o crecemento das importacións e exportacións de bens e servizos é moi inferior que o que sucede a nivel nacional.

Polo lado da oferta, a construción e os servizos seguen sendo os principais motores do crecemento da economía galega no último ano. O aumento interanual dos VEB sectoriais na construción e nas ramas dos servizos se sitúa por debaixo do 4% e é moi similar nos tres grupos — arredor do 3,7%—. Por último subliñar como as taxas de crecemento da actividade construtora veñen experimentando un suave aterraxe dende o III T de 2004. E son os servizos os que toman o relevo acelerando o seu ritmo de expansión.

Un dos feitos destacables no 2º trimestre de 2005, foi a taxa interanual de crecemento rexistrada polo sector da agricultura e pesca (3,8%), rama que se caracteriza por fortes oscilacións cíclicas (cadro 4). Por último a produción enerxética e industrial son as ramas que precisan

dun maior pulo para remontar os febles resultados que veñen rexistrando neste último ano.

O índice galego de prezos ó consumo ofrece ao longo do tempo un perfil moi semellante ó nacional. A pesares deste comportamento a medio prazo, as variacións mensuais poden afastar as variacións dos prezos no territorio de Galicia do que ocorre no conxunto de España. Os resultados do pasado mes de setembro arrojan unha taxa de crecemento mensual do 0,8%, dúas décimas superior o promedio español (0,6%). Elevados estes resultados a taxa interanual de crecemento a variación no último ano se sitúa en Galicia no 3,8% fronte ao 3,7% de España. Con semellantes resultados, que xa acusan a pegada dos prezos da enerxía, as previsións de inflación para o vindeiro ano 2006 son dun crecemento do 2%, unha cifra algo inferior as previsións da OCDE (2,6%).

O proceso de saneamento do mercado de traballo galego tivo menos forza que no conxunto español. En canto a taxa de actividade, esta incrementouse sensiblemente menos, ata situarse no 53,0% ao rematar o 2º trimestre de 2005; resultado que nos coloca máis de catro puntos por debaixo da media nacional. Os datos da EPA amosan como se debe en maior medida á poboación potencialmente activa masculina — na que o diferencial se abre ata os seis puntos— que á feminina, onde se recorta a dous.

Por outro, a taxa de paro (11,1%) nese mesmo trimestre supera á española en case dous puntos porcentuais. O seu reparto por xéneros, amosa unha desigual distribución entre a poboación activa feminina que se atopa en situación de desemprego (15,2%) fronte ao (7,9%) correspondente a masculina.

O estudio da evolución temporal do mercado laboral galego está influenciado polos cambios metodolóxicos incorporados na EPA a partir do 1^{er}. trimestre de 2005. Se nos ceñimos a este exercicio, entre o 1º e o 2º trimestre a poboación ocupada creceu un 2,2% a nivel nacional, o que se traduciu na creación neta de 403.000 empregos. En Galicia,

polo contrario, a poboación ocupada permaneceu practicamente estancada, posto que o incremento limitouse a 1.000 persoas. Resultado que é reflexo dunha tendencia que ven de lonxe e que se concreta nunha gradual, pero firme, perda de posicións de Galicia na ocupación española: 7,6% no 1º trimestre de 1996; 5,9% no 2º de 2005.

O escenario macroeconómico previsto para 2005/06 se reflexa no cadro 5. A previsión a partir da situación a metade do ano contempla un crecemento do 3,1% do PIB galego, distribuíndose a taxa de forma relativamente homoxénea entre os diferentes compoñentes polo lado da demanda. O maior dinamismo corresponderá ao investimento que crecerá arredor dun (4,8%), e a menor progresión ó consumo público e ás exportacións. En 2006, é posible acadar unha taxa de crecemento do 3,4 (%), unha décima por arriba do conxunto da economía española. Para isto, sería necesario que a formación de capital eleve catro décimas o seu incremento respecto ó rexistrado en 2005 e se acadase unha redución da contribución negativa do sector exterior ao crecemento do PIB.

Polo lado da oferta, en 2005 a rama máis expansiva será a construción (4,6%), resultado que pode mellorar no 2006 cunha taxa lixeiramente superior (4,9%), seguida a certa distancia polos dous grupos de actividade que forman o sector terciario (3,3%), que previsiblemente crecerán unha décima máis o vindeiro ano. O sector primario de agricultura e pesca experimentará un incremento do VEB dun 2,0%, dúas décimas por arriba do ano en curso. A enerxía sufrirá unha caída da actividade dun 0,4% en 2005 e un crecemento do 1,4% en 2006, mentres que o rexistro da industria se elevará dun 1,8% a un 2,7%.

**CADRO 5.- ESCENARIO MACROECONÓMICO DA
ECONOMÍA GALEGA. 2005-2006.**

ESCEARIO MACROECONÓMICO 2005-2006

Taxas de variación anual (%)

	2005	2006
Gasto en consumo final	3,4	3,4
Gasto en consumo final dos fogares	3,4	3,5
Gasto en consumo final das AA.PP. e ISFLSF	3,3	3,0
Formación bruta de capital	4,8	5,2
Demanda interna	3,8	3,9
Exportacións de bens e servizos	3,3	3,5
Importacións de bens e servizos	4,4	4,2
Achega sector exterior	-1,3	-1,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,4
Ramas agraria e pesqueira	1,8	2,0
Ramas enerxéticas	-0,4	1,4
Ramas industriais	1,8	2,7
Construción	4,6	4,9
Ramas dos servizos	3,3	3,4
Servizos de mercado	3,2	3,4
Servizos non de mercado	3,4	3,4
Emprego. Ocupados	1,5	2,7
Taxa de paro	11,1	10,1

Se a economía de Galicia crece, como é esperable, á taxa prevista do 3,4% permitirá un aumento da ocupación arredor do 2,7% no 2006, case o dobre do estimado para 2005. Se as restantes magnitudes do mercado laboral non experimentan cambios no seu comportamento, este crecemento do PIB permitirá a creación dunha cifra de 30.000-35.000 de novos empregos netos, o que rebaixaría a taxa de desemprego nun 10%.